



REGULAMENTO DA PROBA

1. A “Peña Cicloturista Castro Barbudo”, en adiante Peña, coa colaboración do Concello de Rianxo, en adiante Concello, organiza a “**VII Marcha BTT Concello de Rianxo**” e simultaneamente unha andaina que se celebrará o día **domingo, 10 de febreiro de 2019** con saída e chegada no recheo do porto a escasos metros do concello. A saída darase as 09:00 horas.
2. A rota encadrase como proba de Cicloturismo-BTT/Andaina sendo un exercicio físico con fines de ocio, turístico ou cultural, excluindo expresamente a competición. O participante, co súa inscrición, manifesta encontrarse físicamente apto para a actividade.
3. Tódolos participantes consideraranse en excursión persoal, debendo aterse as normas do vixente código de circulación, considerándose persoalmente responsables das infraccións que cometan. Cabe resaltar que a circulación de vehículos e persoas non estará cortada polo que os participantes deben extremar a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas.
4. A idade mínima para poder participar na marcha, será de 18 anos, a idade máxima de 75 anos. Os que teñan 14 anos ou mais, poderán participar cunha autorización asinada polo pai, nai ou titor, xunto cunha copia do DNI da persoa que a autoriza.
5. A organización non se fai responsable dos gastos ou débedas que puideran contraer os participantes durante o percorrido.
6. Será imprescindible para participar na marcha, o uso do casco.
7. Non está permitido levar animais de compañía no transcurso da actividade.
8. So será considerado participante da “**VII Marcha BTT Concello de Rianxo**” e da **Andaina**, á persoa que cumprimente total e correctamente a inscrición mediante a páxina emesports.es
9. O prezo da inscrición será de 10 € ata o 27 de xaneiro e a partir desa data será de 15 € para todos os participantes. O pagamento deberá facerse no momento de facer a inscrición.
10. O número máximo de participantes será de 800.
11. As inscricións consideraranse definitivas polo que, unha vez rematado o prazo de inscrición e no caso de non poder participar non se realizará a devolución do importe da mesma.
12. As inscricións pecharanse o día 6 de febreiro de 2019 ás 22 h. ou cando a Organización o estime oportuno en función do número máximo de inscritos.
13. As comunicacións da organización faranse pola páxina da P.C. Castro Barbudo (www.castrobarbudo.com) ou polo facebook (www.facebook.com/castrobarbudo).
14. Estableceranse puntos de control que estarán debidamente sinalizados onde se deberá pasar antes dunhas hora prefixada. No caso de superar os horarios a organización sinalará os camiños alternativos máis curtos ca o principal.
15. A organización ten pleno dereito a cancelar/aprazar a actividade se a predición meteorolóxica é adversa (alertas meteorolóxicas).
16. A organización disporá durante o transcurso da marcha dos servizos de Asistencia Sanitaria, Ambulancia e Protección Civil.

17. *Disporase dun ou varios avituallamentos en función do percorrido escollido..*
18. *Haberá a disposición dos participantes un servizo de duchas e lavado de bicicletas o rematar a proba.*
19. *A Peña garante o pleno cumprimento da Ley Orgánica de Protección de Datos (LOPD), o inscrito queda informado e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos os ficheiros automatizados existentes na Peña o tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación con xestións administrativas ou comerciais. O inscrito pode exercer o seu dereito, mediante escrito dirixido á Peña, ó acceso, rectificación ou cancelación dos mesmos.*
20. *A actividade ten un seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes colectivos coas coberturas reguladas polo R.D. 849/1993 polo que se determinan as prestacións mínimas do Seguro Obrigatorio Deportivo.*
21. *A aceptación deste regulamento implica obrigatoriamente que o participante autoriza á Organización da proba á gravación total o parcial da súa participación na mesma e presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe para a promoción e difusión da proba de tódolos xeitos posibles (radio, prensa, vídeo, foto, dvd, internet e redes sociais...), cedendo todos os dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar, sen dereito a recibir compensación algunha.*
22. *O feito de inscribirse na marcha, supón a aceptación do presente regulamento e das normas da organización e a renuncia a todos os dereitos contra a organización, patrocinadores e colaboradores dos danos que poida sufrir no transcurso da mesma.*